


# Informe 2025

## da Cooperación Galega



XUNTA  
DE GALICIA

**Edita**

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea  
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes  
Santiago de Compostela. 2026

**Fotografías**

Cedidas á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea polos seguintes axentes de cooperación: Fundación Cetmar.  
Arquivo da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.



# Informe 2025 da Cooperación Galega

Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE  
Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes  
Xunta de Galicia



XUNTA  
DE GALICIA

1.	Introdución	5
2.	A Cooperación Galega 2025 en cifras	7
3.	Seguimento do cumprimento de obxectivos V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026	17
4.	Actuacións de cooperación no exterior	28
	1. Convocatoria 2025 de progamas de cooperación de ONGD	28
	2. Convocatoria 2025 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes	29
	3. Convocatoria 2024 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes	37
	4. Convocatoria 2025 de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior	37
	5. Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior	39
5.	Acción humanitaria e de emerxencia	40
	1. Convocatoria para proxectos de acción humanitaria	40
	2. Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia	42
6.	Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación	46
	1. Convocatoria 2025 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	46
	2. Convocatoria 2024 de proxectos de educación para o desenvolvemento e cidadanía global	50
	3. Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e fortalecemento de axentes	50
	4. Convocatoria 2025 de proxectos e de creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento	51
	5. Formación. Bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento	51
7.	Actuacións levadas a cabo por outros departamentos da Xunta de Galicia	53
8.	Transparencia e rendición de contas	54
	1. Publicacións e actividades divulgativas e formativas	54
	2. Avaliacións	55
	3. Páxina web da Cooperación Galega	55

# 1. Introducción

En cumprimento do mandato legal establecido nos artigos 83.4 e 87.2 da Lei 10/2021, do 9 de marzo, reguladora da acción exterior e da cooperación para o desenvolvemento de Galicia, o Plan anual 2025 da Cooperación Galega foi aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de febreiro de 2025, logo de recibir o informe favorable do Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento na súa reunión plenaria do 11 de febreiro.

No Plan anual 2025 recóllense os compromisos, os medios de actuación e os recursos orzamentarios que o goberno galego pon á disposición da cooperación para o desenvolvemento para o correspondente ano, de acordo coas orientacións establecidas no V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026.

Para o ano 2025, a dotación inicial do programa 331A: cooperación exterior e ao desenvolvemento elevouse a 9.864.381 €, é dicir, un 10,35 % sobre o orzamento total do programa respecto do ano 2024.

Non obstante, ao final do exercicio, o orzamento destinado ao Plan 2025 elevouse a 10.215.387 €, debido ao incremento producido a consecuencia de varias ampliacións de crédito que se produciron ao longo do exercicio derivadas dunha transferencia de fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero realizada pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade; ou da xeración de crédito procedente de Augas de Galicia.

Polo tanto, o orzamento final do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento para o 2025 elevouse a 10.215.387 €. O dito orzamento foi executado ao 100 %.

Neste informe dáse conta de todas as actuacións que se levaron a cabo co dito orzamento ao longo de 2025, así como daquelas actuacións que se financiaron con fondos procedentes doutros departamentos da Xunta de Galicia.





## 2. A Cooperación Galega 2025 en cifras

A modo de resumo, a execución do Plan anual 2025 traducida a cifras sería a seguinte:

- Un orzamento inicial do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento de 9.864.381 €.
- Un orzamento final do programa 331A: Cooperación exterior e ao desenvolvemento de 10.215.387 €, ao que engadirlle 100.000 € de gastos correntes do capítulo II do programa 111E de funcionamento da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE (en diante, DXRREE e coa UE).
- Un 100 % de execución orzamentaria.
- Asegurada a continuidade das 58 actuacións cuxo financiamento foi aprobado en anos anteriores (no marco das diferentes convocatorias e a través da sinatura de convenios) e que tiñan anualidade 2025.
- Publicadas e resoltas 6 convocatorias públicas de axudas para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e doutros axentes, de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global (programas e proxectos), de microproxectos, e de acción humanitaria, cun total de 75 proxectos aprobados no ano 2025.
- Publicada e resolta a convocatoria de 6 bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.
- Asinados un total de 15 novos convenios de colaboración e dúas addendas con diferentes entidades.
- Un total de 169 actuacións financiadas con cargo ao orzamento do 2025 (inclúense os proxectos, as bolsas e as intervencións financiadas con cargo aos convenios de emerxencias e as súas addendas).
- Intervencións de cooperación para o desenvolvemento e acción humanitaria en 31 países na data de elaboración deste informe.
- Un 80 % do orzamento operativo final de gastos destinado a convocatorias públicas.
- Un 81 % do orzamento operativo final de gastos destinado a ONGD.
- Un 11,2 % do orzamento operativo final de gastos destinado a actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.
- Un 13,7 % do orzamento operativo final de gastos destinado a actuacións de acción humanitaria.
- Un 71,8 % do orzamento operativo final de gastos destinado a actuacións de cooperación para o desenvolvemento.
- 836.524,72 € procedentes dos orzamentos doutros departamentos da Xunta de Galicia destinados a cooperación para o desenvolvemento.
- 10.800.905,52 € dos orzamentos da Xunta de Galicia destinados á axuda oficial ao desenvolvemento (AOD) no ano 2025.

Táboa 1. Distribución do orzamento da Cooperación Galega no ano 2025

CAPÍTULO	CONCEPTO	ORZAMENTO INICIAL	ORZAMENTO FINAL
Capítulo I	Gastos de persoal	707.960,00	707.960,00
Capítulo IV	Transferencias correntes	6.820.917,00 €	9.445.191,78 €
	Transferencias institucións sen fins de lucro	455.988,00 €	766.012,00 €
	Transferencias a universidades en materia de cooperación	65.007,00 €	172.500,00 €
	Actuacións de cooperación no exterior	6.030.322,00 €	8.134.424,79 €
	Convenio CGONGD	100.000,00 €	110.000,00 €
	Convenio Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade	60.000,00 €	60.000,00 €
	Bolsas de formación en cooperación internacional	104.600,00 €	97.664,00 €
	SS bolsas formación en cooperación internacional	5.000,00 €	4.590,99 €
	Convenio Sogaps	0,00 €	100.000,00 €
Capítulo VI	Investimentos reais	77.000,00 €	62.235,22 €
Capítulo VII	Transferencias de capital	2.258.504,00 €	0,00 €
	Actuacións de cooperación no exterior	2.158.504,00 €	0,00 €
	Convenio Sogaps	100.000,00 €	0,00 €
<b>TOTAL programa 331A</b>	<b>Cooperación Exterior e ao Desenvolvemento</b>	<b>9.864.381,00 €</b>	<b>10.215.387,00 €</b>
Rateo Cap. II programa 111E			100.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>9.864.381,00 €</b>	<b>10.315.387,00 €</b>
<b>OUTRAS CONSELLERÍAS</b>			
Consellería de Política Social			100.000,00
Consellería do Mar			86.203,72
Consellería de Sanidade			276.037,00
Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA)			23.278,00
<b>TOTAL OUTRAS CONSELLERÍAS</b>			<b>485.518,72</b>
<b>TOTAL AOD GALEGA</b>			<b>10.800.905,72</b>

(\*) incorporados os 276.006,00 | procedentes do Pacto do Estado contra a violencia de xénero, os 75.000,00 | da xeración de crédito de Augas de Galicia para financiar o convenio en Mozambique.

Táboa 2<sup>1</sup>. Detalle do gasto por tipo de actividade durante o ano 2025

Táboa 2: Detalle do gasto por tipo de actividade durante o ano 2025			
	TIPO DE INSTRUMENTO	Nº INTERVENCIÓNS	IMPORTE (€)
<b>Cooperación ao desenvolvemento</b>	Convocatoria programas	3	540.000,00 €
	Convocatoria proxectos ONGD	51	4.930.844,58 €
	Convocatoria proxectos outros axentes	6	584.495,51 €
	Convocatoria proxectos liña feminista	7	448.416,33 €
	Convenios	3	275.000,00 €
	Convocatoria microproxectos	5	143.668,37 €
<b>Acción humanitaria</b>	Convocatoria	8	550.000,00 €
	Convenios e addendas	13	810.012,00 €
<b>Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global</b>	Convocatoria educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	35	648.000,00 €
	Convenios de fortalecemento	2	170.000,00 €
	Convenios educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	3	110.000,00 €
	Convocatoria investigación para o desenvolvemento	9	132.500,00 €
<b>Formación</b>	Convocatoria bolsas (cota patronal + Seguridade Social)	12	102.254,99 €
<b>Outros</b>	Asistencias técnicas (avaliacións, estudos, informes)	9	62.235,22 €
<b>TOTAL</b>		<b>163</b>	<b>9.507.427,00 €</b>

<sup>1</sup> Na táboa 2 e seguintes téñense en conta exclusivamente as achegas da DXRREE e coa UE, non as dos outros departamentos da Xunta de Galicia

Táboa 3. Distribución xeográfica da axuda de cooperación para o desenvolvemento da DXRREE e coa UE

COOPERACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO				
Rexión	País	Importe	N.º intervencións	Porcentaxe de fondos por país
América Central e Caribe	O Salvador	304.666,83 €	3	4,40 %
	República Dominicana	755.248,67 €	9	10,91 %
	Guatemala	1.335.499,50 €	13	19,29 %
	Nicaragua	314.500,00 €	4	4,54 %
	Honduras	992.796,68 €	8	14,34 %
América do Sur	Bolivia	1.062.408,32 €	10	15,35 %
	Ecuador	120.250,00 €	1	1,74 %
	O Perú	1.096.797,43 €	13	15,84 %
África	Mozambique	546.220,00 €	6	7,89 %
	Uganda	64.750,00 €	1	0,94 %
	Costa de Marfil	23.672,94 €	1	0,34 %
	Ruanda	29.995,68 €	1	0,43 %
	Serra Leona	90.618,74 €	1	1,31 %
	Guinea Bissau	185.000,00 €	2	2,67 %
<b>TOTAL</b>		<b>6.922.424,79 €</b>	<b>73</b>	<b>100,00 %</b>

No V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026 recoñécense 11 países prioritarios, xa presentes no IV Plan director. Tal e como amosa a táboa 3 e o seu gráfico, durante o ano 2025 executáronse intervencións de cooperación para o desenvolvemento en 14 países e territorios, e logrouse un bo grao de concentración, tendo en conta ademais que o 97 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación para o desenvolvemento pola DXRREE e UE se concentrou nos 11 países prioritarios.

Táboa 4. Distribución xeográfica da acción humanitaria

REXIÓN	PAÍS	IMPORTE	N.º INTERVENCIÓNS	PORCENTAXE DE FONDOS POR PAÍS
África	Mali	11.111,11 €	1	0,82 %
	Mozambique	125.000,00 €	2	9,19 %
	República Democrática do Congo	84.375,00 €	2	6,20 %
	Uganda	103.000,00 €	3	7,57 %
	Chad	75.000,00 €	1	5,51 %
	Sudán	11.111,11 €	1	0,82 %
	Sudán do Sur	84.000,00 €	1	6,18 %
	Mauritania	11.111,11 €	1	0,82 %
	Alxeria (Campamentos Saharauís)	86.111,11 €	2	6,33 %
Asia	Palestina	176.236,11 €	5	12,96 %
	Líbano	9.125,00 €	1	0,67 %
	Myanmar	11.125,00 €	1	0,82 %
	Xordania	84.000,00 €	1	6,18 %
	Siría	75.000,00 €	1	5,51 %
América	Colombia	11.111,11 €	1	0,82 %
	República Dominicana	10.125,00 €	1	0,74 %
	O Salvador	75.000,00 €	1	5,51 %
	Haití	22.236,12 €	2	1,63 %
	México	11.111,11 €	1	0,82 %
	Xamaica	25.000,00 €	1	1,84 %
	Cuba	25.000,00 €	1	1,84 %
	Honduras	50.000,00 €	1	3,68 %
Europa	Ucráina	25.000,00 €	1	1,84 %
	España	148.012,00 €	2	10,88 %
Outros	Fondo de reserva para socorro en desastre Cruz Vermella	11.111,11 €	1	0,82 %
<b>TOTAL</b>		<b>1.360.012,00 €</b>	<b>36</b>	<b>100,00 %</b>

Polo que respecta á distribución xeográfica da acción humanitaria, como se reflicte na táboa 4, financiáronse actuacións de acción humanitaria e de emerxencia nuns 25 países, incluíndo os campamentos saharauís e os territorios palestinos ocupados.

O V Plan director propón unha lista de sete ámbitos estratéxicos para a Cooperación Galega. A delimitación destas prioridades sectoriais obedece, por unha banda, á aspiración de promover a Axenda 2030 e os ODS, abrangendo as súas esferas (persoas, planeta, prosperidade, paz e partenariado/alanzas) e, por outra banda, a coherencia cos valores diferenciais e a especialización da Cooperación Galega dentro da súa experiencia e traxectoria.

1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integrados, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.
3. Impulsar a equidade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o apoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións
4. Promover a garantía e a defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.
5. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.
6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e co fomento da resiliencia.
7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.

Establécese que, como mínimo, o 90 % do total da axuda que desembolsa a DXRREE e coa UE se destine a estes ámbitos estratéxicos, de forma que o 60-75 % desta axuda irá enfocada a reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior (primeiros cinco puntos); o 10-15 % a asegurar unha acción humanitaria integral e de calidade (punto 6); e o 10-15 % restante a desenvolver operativamente a estratexia de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global da Cooperación Galega (punto 7).



Táboa 5. Distribución sectorial

SECTOR IV PLAN DIRECTOR COOPERACIÓN GALEGA	IMPORTE (€)	PORCENTAXE ACADADA 2025 SOBRE ORZAMENTO OPERATIVO (ca.p. IV, VI, VII)	PORCENTAXE ACADADA 2025 SOBRE AXUDA DESEMBOLSADA A TRAVÉS DE CONVOCATORIAS E CONVENIOS	PORCENTAXE OBLIXATIVO DO V PLAN DIRECTOR
1. Promover o exercicio dos dereitos sociais básicos (saúde, educación, alimentación, hábitat e auga e saneamento básico) polas persoas e colectivos máis pobres e vulnerables.	2.089.042,76	21,97 %	22,12 %	60-75%
2. Apoiar a agricultura, a pesca e a acuicultura sustentables, preservando os recursos naturais no marco de modelos de desenvolvemento rural e territorial integridos, inclusivos, solidarios e redistributivos para unha prosperidade compartida.	1.734.217,35	18,24 %	18,36 %	
3. Impulsar a equidade de xénero cun enfoque feminista, interseccional e de diversidade, o empoderamento e o exercicio de dereitos das nenas, adolescentes e mulleres e o fortalecemento das súas organizacións.	2.183.196,26	22,96 %	23,11 %	
4. Promover a garantía e a defensa dos dereitos humanos, a democracia e o fortalecemento da sociedade civil organizada.	279.748,67	2,94 %	2,96 %	
5. Loitar contra o cambio climático e promover a sustentabilidade e a xustiza ambientais.	636.219,75	6,69 %	6,74 %	
6. Protexer e salvar vidas, aliviar o sufrimento e manter a dignidade humana respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade, cunha perspectiva de redución de vulnerabilidades e co-fomento da resiliencia.	1.350.012,00	14,30 %	14,40 %	10-15%
7. Construír unha cidadanía global comprometida coa transformación social positiva, a solidariedade e o desenvolvemento humano sustentable.	1.060.500,00	11,15 %	11,23 %	10-15%
<b>TOTAL</b>	<b>9.342.936,79</b>	<b>98,27 %</b>	<b>98,92 %</b>	<b>100 %</b>

Se consideramos as porcentaxes establecidas como obxectivo no V Plan director, obsérvase que se acadaron en todos os sectores e, en global, se superou o 90 % do total da axuda que desembolsa a DXRREE e coa UE destinada a estes ámbitos estratéxicos.

Táboa 6. Distribución por tipo de instrumento

TIPO DE INSTRUMENTO	IMPORTE	DESAGREGACIÓN	IMPORTE	PORCENTAXE POR INSTRUMENTO
Convocatorias	8.080.179,78 €	Programas	540.000,00 €	84,99 %
		Proxectos ONGD	4.930.844,58 €	
		Outros axentes	584.495,51 €	
		Liña feminista	448.416,33 €	
		Acción humanitaria	550.000,00 €	
		Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global	648.000,00 €	
		Investigación	132.500,00 €	
		Microproxectos	143.668,37 €	
		Bolsas	102.254,99 €	
Convenios	1.365.012,00 €	Cooperación ao desenvolvemento	275.000,00 €	14,36 %
		Acción humanitaria	810.012,00 €	
		Educación para o desenvolvemento e fortalecemento	280.000,00 €	
Capítulo VI	62.235,22 €	Asistencias técnicas e contratos	62.235,22 €	0,65 %
<b>TOTAL</b>			<b>9.507.427,00 €</b>	<b>100,00 %</b>

Polo que respecta á repartición da axuda en función do instrumento empregado, segundo se reflicte na táboa 6, a Cooperación Galega segue apostando pola canalización de fondos a través de convocatorias públicas de axuda, cun 84,99 %.

Táboa 7. Distribución por tipo de axente

TIPO DE AXENTE	IMPORTE (€)	PORCENTAXE
ONGD	7.229.468,38 €	77,38 %
Agrupacións mixtas	550.972,90 €	5,90 %
Outros	405.219,51 €	4,34 %
Universidades	110.000,00 €	1,18 %
Empresas	279.276,00 €	2,99 %
CGONGD	110.000,00 €	1,18 %
Fondo Galego	60.000,00 €	0,64 %
Axencias Internacionais	498.000,00 €	5,33 %
AECID	100.000,00 €	1,07 %
<b>TOTAL</b>	<b>9.342.936,79 €</b>	<b>100,00 %</b>

A distribución das axudas por tipo de axente establecida na táboa 7, como xa é habitual, reflicte a preponderancia das Intervencións executadas a través de ONGD, que representan o 77,38 % dos recursos destinados ao financiamento de proxectos, isto sen ter en conta as agrupacións mixtas, que na súa maior parte tamén incorporan ONGD.



### 3. Seguimento do cumprimento de obxectivos do V Plan director da Cooperación Galega 2023-2026.

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2025
<b>R.X.1. A Cooperación Galega alíña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os ODS.</b>	<i>L.A.1.1. Contribuír á coherencia de políticas para o desenvolvemento sustentable en todos os niveis da Administración pública galega.</i>	1.1.1. Grao de participación da DXRREE e UE nas iniciativas e espazos da Xunta de Galicia para a implementación e o logro da Axenda 2030.	No 2025 participouse, a través da resposta de cuestionario, no proceso de revisión da Estratexia de desenvolvemento sostible 2030 (EDS) do Estado.
	<i>L.A.1.2. Fomentar a participación e o diálogo de políticas no Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento.</i>	1.2.1. Nº de xuntanzas do Congacode e dos seus grupos de traballo.	O 11 de febreiro de 2025 tivo lugar a xuntanza ordinaria deste órgano, na que foi presentado o informe de execución do Plan anual 2024, e o proxecto do Plan anual 2025.
		1.2.2. Nº de comisións ou grupos de traballo operativos dentro do CONGACODE.	Nestes momentos non existe ningún grupo de traballo operativo dentro do Congacode.
	<i>L.A.1.3. Garantir a previsibilidade dos recursos orzamentarios e a solvencia da Cooperación Galega.</i>	1.3.1. No horizonte do 0,7 %, o Programa 331A de cooperación exterior e ao desenvolvemento estará dotado, como mínimo, cun volume anual de fondos equivalente ao aprobado para este programa na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2023 (8.915.485 €). Garantirase, ademais, un crecemento anual deste programa igual ou superior ao incremento porcentual anual dos gastos non financeiros xerais previstos na devandita lei.	O orzamento inicial do Programa 331A creceu no 2025 un 10,35 % respecto do orzamento inicial do 2024.

		1.3.2. Como mínimo executado o 95 % do orzamento operativo anual da DXRREE e UE previsto nos plans anuais da Cooperación Galega.	Acadouse un 100 % de execución orzamentaria
	<i>L.A.1.4. Promover a participación doutros departamentos da Xunta de Galicia na política pública de cooperación.</i>	1.4.1. Achegas económicas doutros departamentos da Xunta de Galicia a actividades de cooperación exterior, acción humanitaria e educación para a cidadanía global.	<p>As achegas económicas doutros departamentos, ademais das procedentes de Augas de Galicia, que se incorporan ao Programa 331A para o fortalecemento da xestión dos recursos hídricos en Mozambique, e da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, procedentes dos fondos do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, que se incorporan ao Programa 331A, en apoio ao cumprimento da medida 36 do pacto e para o financiamento ao I Programa de acollida de mulleres defensoras de dereitos- Galicia Abriga, son as seguintes:</p> <p>A Consellería de Política Social, por un total de 100.000 €.</p> <p>A Consellería do Mar, que destinou 86.203,72 €.</p> <p>A Consellería de Sanidade, que destinou 276.037 €.</p> <p>A Axencia Galega de Emerxencias (Axega), que fixo entrega de material de emerxencias por valor de 23.278 €.</p>

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2025
<b>R.X.2. A Cooperación Galega concentra a súa axuda con criterios de eficacia.</b>	<i>L.A.2.1. Concentrar a axuda en cooperación ao desenvolvemento nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina.</i>	2.1.1. Como mínimo o 80 % da axuda desembolsada no exterior en cooperación ao desenvolvemento pola DXRREE e UE concéntrase nos 11 países prioritarios e na poboación saharauí e palestina.	Do total da axuda desembolsada no exterior en cooperación para o desenvolvemento (6.922.424,79 €), 6.713.387,43 € foron destinados aos países prioritarios, o que representa un 96,98%.
	<i>L.A.2.2. Asegurar que unha parte da axuda se destina aos países menos adiantados (PMA) ou cun Índice de desenvolvemento humano baixo.</i>	2.2.1. Como mínimo o 20 % da axuda desembolsada no exterior pola DXRREE e UE destinada aos países menos adiantados (PMA) ou cun Índice de desenvolvemento humano baixo.	O 18% da axuda desembolsada no exterior destinase aos países menos adiantados ou con IDH baixo.
	<i>L.A.2.3. Incrementar os fondos dirixidos a actuacións con marcos de planificación plurianuais.</i>	2.3.1. Axuda desembolsada a través de programas no exterior e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e porcentaxe que representa sobre o total da axuda desembolsada en cooperación exterior e educación para a cidadanía global.	No ano 2025 destináronse 735.000 € para o financiamento de actuacións con marcos de planificación plurianual, en cooperación para o desenvolvemento no marco da convocatoria de programas no exterior, no programa AQUAMOZ en Mozambique, e en Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, na iniciativa de "Activistas polo mundo que queremos". A porcentaxe que representa respecto da axuda desembolsada en cooperación e EDCG (798.294,79 €) é do 9 %.

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2025
<b>R.X.3. A Cooperación Galega especializa a súa axuda nos ámbitos estratéxicos nos que conta con valor engadido ou vantaxes comparativas.</b>	<i>L.A.3.1. Reforzar a especialización sectorial estratéxica da cooperación exterior.</i>	3.1.1. Como mínimo o 60 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE destínase aos cinco ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento.	Do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación (9.342.936,79 €) 6.922.424,79 € destináronse aos cinco ámbitos estratéxicos relativos á cooperación ao desenvolvemento, o que representa o 74 %.
		3.1.2. Como mínimo o 20 % da AOD distribuible sectorialmente da Xunta de Galicia destínase a servizos sociais básicos.	Da AOD distribuible sectorialmente da Xunta de Galicia destinouse a servizos sociais básicos o 22,36 %.
		3.1.3. Nº de estratexias elaboradas de xeito participativo.	No ano 2023 e 2024, a través dun servizo de consultaría, realizouse un diagnóstico, de maneira participada e coordinada co sector, sobre a integración do enfoque feminista, interseccional e de diversidade na cooperación galega, de cara ao establecemento dunha folla de ruta que marque a estratexia a seguir na súa implementación. Despois deste proceso participado con todo o sector, no 2025 desenvóléronse accións previstas na dita folla de ruta que marca a estratexia a seguir ata o remate da vixencia do V Plan Director.
	<i>L.A.3.2. Realizar unha acción humanitaria integral e de calidade.</i>	3.2.1. Como mínimo o 20 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e de convenios pola DXRREE e UE no exterior destínase a acción humanitaria.	Do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios pola DXRREE e UE no exterior (8.282.436,79 €) 1.360.012,00 € destinouse a acción humanitaria o que representa un 16,42 %
		3.2.2. Nº de convenios subscritos pola Xunta de Galicia con axentes especializados en acción humanitaria para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.	No ámbito da acción humanitaria e da atención de emerxencias e persoas refuxiadas, no 2025 deuse continuidade ao convenio asinado no 2023 coa AECID e cooperación descentralizada e asináronse 10 convenios e dúas addendas para a atención de emerxencias, crises humanitarias e poboación refuxiada e desprazada.

		<p>3.2.3. Achegas económicas ao fondo humanitario común coordinado pola AECID ou instrumentos análogos realizadas pola Xunta de Galicia.</p>	<p>A achega da Xunta de Galicia ao Fondo humanitario común da AECID foi en 2025 de 100.000,00 €.</p>
	<p><i>L.A.3.3. Mellorar a calidade e impacto da educación para a cidadanía global.</i></p>	<p>3.3.1. Como mínimo o 15 % do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE destinárase ao ámbito estratéxico da educación para a cidadanía global.</p>	<p>Do total da axuda desembolsable a través de convocatorias e convenios aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE (9.342.936,79€) destinouse ao ámbito estratéxico da educación para a cidadanía global 1.060.500,00 €, o que representa un 11,35 %.</p>
		<p>3.3.2. Axuda desembolsada a través de programas de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e porcentaxe que representa sobre o total da axuda desembolsada neste ámbito estratéxico.</p>	<p>No ano 2025 destináronse 69.988 € no marco da iniciativa plurianual "Activistas polo mundo que queremos".</p>

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2025
<b>R.X.4. Os axentes da Cooperación Galega coordinan e complementan as súas actuacións para a consecución dos ODS.</b>	<i>L.A.4.1. Participar activamente nos espazos e iniciativas de coordinación da cooperación española.</i>	4.1.1. Grao de participación nos espazos e iniciativas de coordinación da Cooperación Española.	A Cooperación Galega ten participado en diferentes espazos e iniciativas de coordinación coa Cooperación Española nos ámbitos de: acción humanitaria, participando nas reunións do convenio coa descentralizada e das sesións de traballo en coordinación co IECAH; en Educación para o desenvolvemento, a través da Rede de Puntos Focais; na elaboración e seguimento dos MAP; ou no proceso de definición de Indicadores de Rendición de Contas (IRC). Ademais no 2025, participou nas dúas reunións da Comisión Interterritorial que tiveron lugar o 31 de xaneiro, na Conferencia Sectorial do 23 de abril, e na Comisión Sectorial do 21 de maio; así como nos seus grupos de traballo.
		4.1.2. Achegas á planificación e sistema de xestión de coñecemento info@ods da Cooperación Española.	A Cooperación Galega ten realizado dentro do prazo establecido as súas achegas no sistema de xestión do coñecemento e planificación info@ods.
	<i>L.A.4.2. Incentivar a actuación conxunta e complementaria dos axentes galegos de cooperación.</i>	4.2.1. Nº de proxectos en agrupación financiados a través das convocatorias da DXRREE e UE e porcentaxe sobre o total da axuda desembolsada a través de convocatorias dirixidas a axentes de cooperación.	No ano 2025 foron financiados 17 proxectos en agrupación a través de convocatoria, por un monto de 1.238.681,19 €, o que representa unha porcentaxe do 15,53 % sobre o total de axuda desembolsada a través de convocatorias dirixidas aos axentes de cooperación (7.977.924,79 €).
		4.2.2. Nº de alianzas de traballo multiactor nos ámbitos estratéxicos e países prioritarios promovidas ou apoiadas pola DXRREE e UE.	No ano 2025 deuse continuidade a 5 alianzas de traballo multiactor promovidas e apoiadas pola DX: AQUAMOZ; RGCUD, Activistas polo mundo que queremos e o Programa Galego de Acolida Temporal a Mulleres Defensoras de Dereitos Humanos- Galicia Abriga.
	<i>L.A.4.3. Impulsar a colaboración cos axentes de cooperación da Lusofonía.</i>	4.3.1. Nº de actividades financiadas pola DXRREE e UE aos axentes de cooperación nas que participan axentes de cooperación da Lusofonía.	Ademais dos proxectos financiados no marco das distintas convocatorias en Mozambique e Guinea Bissau, no marco do convenio asinado co Fondo Galego, continuouse co impulso á Rede de Autoridades Locais da Lusofonía polos ODS, creada no 2019, co obxecto de seguir fortalecendo as relacións de solidariedade entre o municipalismo galego e os países de lingua oficial portuguesa.
		4.3.2. % de axuda desembolsada pola DXRREE e UE en cooperación e acción humanitaria nos PALOP.	No ano 2025 destinouse un 10,34% (856.220 €) da axuda desembolsada en cooperación e acción humanitaria (8.282.436,79 €) aos países PALOP (Mozambique e Guinea Bissau).

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2025
<b>R.X.5. Os axentes da Cooperación Galega fortalecen a súa capacidade institucional para a consecución dos ODS.</b>	<i>L.A.5.1. Reforzar as capacidades técnicas e de xestión da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento.</i>	5.1.2. Nº de asistencia técnicas orientadas ao reforzamento de capacidade da DXRREE e UE en avaliación e xestión do coñecemento.	No ano 2025 contratáronse os servizos profesionais necesarios para realizar as avaliacións ex-ante das 6 convocatorias de subvencións que se publicaron no ano 2025, para visibilizar os resultados da Cooperación Galega durante máis de tres décadas de traballo e para realizar unha avaliación das asistencia técnicas prestadas pola Fundación CETMAR nos proxectos do sector pesqueiro e acuícola financiados pola Cooperación Galega.
	<i>L.A.5.2. Fortalecer a capacidade da Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e das Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.</i>	5.2.1. Nº de convenios formalizados pola DXRREE e UE coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	Durante o ano 2025 deuse continuidade ao fortalecemento das capacidades da Coordinadora Galega de ONGD, do Fondo Galego e das tres Universidades Públicas Galegas, a través da sinatura e pagamento de 3 convenios por un monto, nesta anualidade, de 210.000,00 €.
	<i>L.A.5.3. Apoiar a formación e capacitación especializada dos axentes galegos de cooperación.</i>	5.3.1. Nº de actividades de fortalecemento, formación e capacitación especializada financiadas a través dos convenios coa Coordinadora Galega de ONGD, Fondo Galego e Universidades galegas integradas na Rede Galega de Cooperación Universitaria para o Desenvolvemento.	<p>No marco do convenio coa CGONGD, entre outros, impartíuse un curso sobre boas prácticas na formulación de proxectos de cooperación exterior dirixido ás ONGD galegas, ao que asistiron 24 persoas, fundamentalmente persoal técnico de 13 ONGD; promoveron a formación adaptada e especializada de 9 persoas de 7 entidades distintas; tamén se promoveu a participación en espazos de formación e reflexión de todas as ONGD socias; puxéronse en marcha novos grupos: Grupo de ONGD Pequenas , Grupo de Alianzas, e Grupo de Reflexión da Cooperación Galega; e se realizou un Curso Básico sobre Cooperación ao Desenvolvemento, dirixido fundamentalmente a persoal técnico de concellos e deputacións que teñen en marcha convocatorias de subvencións, aínda que tamén aberto a representantes políticos para Entidades Locais, no que se inscribiron 22 persoas.</p> <p>Pola súa banda, o Fondo Galego puxo en marcha dúas actividades de fortalecemento denominadas: Adhesión do Fondo Galego a unha nova rede de países de lingua oficial portuguesa e o Curso online de compra pública ética, no que participaron 33 persoas (21 mulleres e 12 homes), vinculadas a concellos, deputación, Xunta de Galicia, asociacións, universidades, sindicatos....</p> <p>Polo que respecta á RGCUD, no marco do convenio asinado, realizáronse un total de 19 formacións e xornadas no ano 2025, as que asistiron 748 persoas (612 mulleres e 136 homes).</p>

		5.3.2. Nº de bolsas de formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento concedidas.	Durante o ano 2025, 12 persoas foron beneficiarias destas bolsas de formación, 8 delas nas Oficinas da Cooperación Española no Exterior e 4 na sede da DX de RREE e coa UE.
<i>L.A.5.4. Reforzar a cultura de avaliación, investigación e aprendizaxe colectiva dos axentes de cooperación</i>		5.4.1. Número de encontros de socialización, presentación de resultados e rendición de contas dos axentes de cooperación realizados.	Na reunión ordinaria do CONGACODE presentáronse os resultados de execución e xestión do plan anual 2024.  Para conmemorar e visibilizar todo o proceso que se levou a cabo durante máis de tres décadas de traballo da Cooperación Galega, decidiuse organizar, en colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, unha xornada que denominamos "COOPERACIÓN GALEGA: UNHA CARREIRA DE FONDO", na que se puideron exemplificar os resultados destes anos de progreso a través de testemuñas que falaron en primeira persoa dos logros da Cooperación Galega e do impacto nas súas vidas. Esta xornada celebrouse o 17 de outubro coincidindo coa conmemoración do Día Mundial pola Erradicación da Pobreza.
		5.4.2. Número de proxectos financiados a través da convocatoria de investigación para o desenvolvemento, dirixida aos grupos e centros de investigación das universidades galegas.	No marco da convocatoria de investigación dirixida ás universidades, publicada por Orde do 15 de maio de 2025 (DOG do 28 de maio), aprobouse o financiamento de 9 proxectos.
		5.4.3. Número de avaliacións das intervencións financiadas.	Do total de intervencións aprobadas no ano 2025, a través das diferentes convocatorias e convenios, 53 delas inclúen as realización de avaliacións: 3 no marco da convocatoria de programas, 30 no marco da convocatoria de proxectos no exterior, onde son obrigatorias para proxectos con subvención superiores aos 90.000 €; 18 no marco da convocatoria de EDCG, onde a obrigatoriedade é para os proxectos con subvencións superiores a 20.000 € e 2 no marco dos convenios asinados.  Ademais contratáronse 6 avaliacións ex-ante e 1 metaavaliación ex-post.
		5.4.4. Grao de implementación das orientacións e recomendacións do Documento marco de avaliación da cooperación galega.	Derivadas do Documento marco de avaliación da cooperación galega, leváronse a cabo 6 avaliacións ex-ante (unha por cada convocatoria publicada); contratouse tamén unha avaliación das asistencias técnicas prestadas pola Fundación CETMAR nos proxectos do sector pesqueiro e acuícola financiados pola Cooperación Galega.

	<p><i>L.A.5.5. Darlle continuidade ao investimento en recursos humanos especializados dos axentes de cooperación</i></p>	<p>5.5.1. Ata o 70 % do custo total do proxecto nas convocatorias e convenios permite financiar gastos en recursos humanos especializados.</p>	<p>Tanto nas convocatorias coma nos convenios permítese imputar ata un 70 % en gastos de persoal.</p>
	<p><i>L.A.5.6. Facilitar o acceso dos axentes galegos de cooperación a fontes de financiamento nacional e internacional</i></p>	<p>5.6.1. Número de proxectos cofinanciados pola cooperación galega aos axentes de cooperación financiados por outras axencias doadoras nacionais ou internacionais.</p>	<p>No marco das convocatorias e convenios aprobados no 2024 e que teñen anualidade 2025 foron cofinanciados por fondos doutras axencias doadoras nacionais ou internacionais 8 proxectos, 1 de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e 7 de cooperación para o desenvolvemento no exterior.</p> <p>No marco das convocatorias e convenios aprobados no ano 2025, e polo que respecta unicamente a esta anualidade, foron cofinanciados por fondos doutras axencias doadoras nacionais ou internacionais 16 proxectos, 6 en acción humanitaria, 10 en cooperación para o desenvolvemento no exterior.</p>
	<p><i>L.A.5.7. Favorecer a concorrencia competitiva no acceso aos recursos desembolsables da cooperación galega</i></p>	<p>5.7.1. Como mínimo, o 75 % da axuda desembolsable aos axentes de cooperación pola DXRREE e UE canalízase a través de convocatorias públicas.</p>	<p>Do total da axuda desembolsable aos axentes de cooperación (9.342.936,79 €), 7.977.924,79 € canalízase a través de convocatorias, o que representa o 85,39 %</p>

Resultados de Xestión	Liñas de acción	Indicadores[1]	2025
<b>R.X.6. A cidadanía galega e os axentes de cooperación acceden a unha información de calidade sobre os logros colectivos da cooperación galega na consecución dos ODS</b>	<i>L.A.6.1. Facilitar o acceso público a toda a información sobre as actividades de cooperación</i>	6.1.1. Grao de dispoñibilidade de información actualizada sobre toda as actividades da DXRREE e UE en cooperación na páxina web da cooperación galega.	A páxina web da cooperación galega actualízase para incorporar información das actuacións realizadas.
		6.1.2. Número de publicacións e actividades de difusión anual dos resultados da cooperación galega.	No ano 2025, ao igual que nos anos anteriores, editouse en formato dixital o Informe 2024 da cooperación galega, publicado na páxina web co fin de lle dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo desde Galicia. Ademais, para conmemorar e visibilizar todo o proceso que se levou a cabo durante máis de tres décadas de traballo da Cooperación Galega, decidiuse organizar, en colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, unha xornada que denominamos "COOPERACIÓN GALEGA: UNHA CARREIRA DE FONDO", na que se puideron exemplificar os resultados destes anos de progreso a través de testemuñas que faláron en primeira persoa dos logros da Cooperación Galega e do impacto nas súas vidas. Esta xornada celebrouse o 17 de outubro coincidindo coa conmemoración do Día Mundial pola Erradicación da Pobreza.
	<i>L.A.6.2. Render contas á cidadanía galega e aos axentes de cooperación sobre os resultados da política pública de cooperación</i>	6.2.1. Unha análise intermedia de seguimento e unha avaliación final externa participativa e independente da execución do quinto plan director da cooperación galega realizadas e difundidas.	Prevista para ser realizada co remate da anualidade 2026.
		6.2.2. Número de actividades no Parlamento de Galicia relativas á cooperación galega.	No ano 2025 desenvolveuse unha comparecencia parlamentaria relativa a este ámbito, o día 8 de maio, para a presentación do Plan anual 2025 da Cooperación Galega.
		6.2.3. Número de actividades de presentación de resultados da cooperación galega e rendición de contas aos axentes de cooperación no Congacode.	O CONGACODE reuniuse na súa sesión ordinaria o 11 de febreiro de 2025, e nela aproveitouse para presentar aos axentes de cooperación nel representados, o Informe sobre a execución do Plan anual 2024 da Cooperación Galega e o proxecto do Plan anual 2025 da Cooperación Galega, ao igual que todos os anos.



## 4. Actuacións de cooperación no exterior

### 4.1 Convocatoria 2025 de programas de cooperación de ONGD

O obxecto destas axudas é a execución no exterior de intervencións de maior duración, impacto e media de financiamento que os proxectos tradicionais, que propicien o desenvolvemento integral dos países de intervención, desde a coherencia das accións, a definición conxunta cos beneficiarios, e a complementariedade con outras institucións, organismos e entidades doantes.

A dotación desta convocatoria foi de 1.800.000 € (540.000 € no 2025 e 630.000 € nos anos 2026 e 2027).

Esta convocatoria foi publicada no DOG do 27 de xaneiro. Presentáronse un total de 13 solicitudes, e foi aprobado o financiamento de 3 programas.

ORDE do 8 de xaneiro de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de programas de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polas organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se convocan para o ano 2025 (código de procedemento PR804C).							
Nº expediente	Entidade solicitante	Denominación proxecto	Orzamento total	Subvención			
				Subvención concedida	2025	2026	2027
PR804C 2025-12	Asamblea de Cooperación por la Paz	<a href="#">Programa Abraza tu Mar: construyendo un futuro sostenible para la pesca artesanal salvadoreña</a>	796.420,73	600.000,00	180.000,00	210.000,00	210.000,00
PR804C 2025-3	Arquitectura sen Fronteiras	<a href="#">Programa Kab' laj Imox para el acceso mejorado a agua y saneamiento, así como su gobernanza institucional y comunitaria con enfoque de género, de los 180 hogares de población indígena, desplazada y en condiciones de especial vulnerabilidad de la comunidad</a>	674.856,00	600.000,00	180.000,00	210.000,00	210.000,00
PR804C 2025-10	Enxeñería Sen Fronteiras Galicia	<a href="#">Restauración de las lagunas de invierno como modo de vida de las poblaciones pesqueras de Namasigüe y El Triunfo, Honduras. Fase 2.</a>	717.047,31	600.000,00	180.000,00	210.000,00	210.000,00
<b>TOTAL</b>				<b>1.800.000,00</b>	<b>540.000,00</b>	<b>630.000,00</b>	<b>630.000,00</b>



## 4.2 Convocatoria 2025 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos no exterior das ONGD, universidades, empresas e organizacións empresariais, sindicatos, comunidades galegas no exterior e outros axentes sociais que teñan a condición de axentes de cooperación.

Como novidade neste 2025, dando cumprimento á folla de ruta para a integración do enfoque de xénero da Axenda Feminista na Cooperación Galega, abriuse unha liña específica nesta materia.

A dotación total destas convocatorias é de 6.000.000 € (2.100.000€ no 2025 e 3.900.000€ no 2026), sendo a dotación de cada unha delas a seguinte:

- Para ONGD: 4.100.000 € (1.435.000 € no 2025 e 2.665.000 € no 2026).

- Para os outros axentes: 700.000 € (245.000 € no 2025 e 455.000 € no 2026).

- Para proxectos de apoio a organizacións feministas e de defensa dos dereitos das mulleres: 1.200.000 € (420.000 € no ano 2025 e 780.000 € no ano 2026).

A distribución dos créditos entre as dúas anualidades é a seguinte: 35% para o 2025 e 65 % para o 2026.

Esta convocatoria foi publicada no DOG do 20 de maio. Presentáronse un total de 55 solicitudes (42 de ONGD, 6 doutros axentes e 7 da liña de xénero), e foi aprobado o financiamento de 32 proxectos (23 proxectos de ONGD, 7 proxectos na liña de apoio a organizacións feministas e de defensa dos dereitos das mulleres e 2 proxectos doutros axentes).



Orde do 8 de maio do 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e procédese á súa convocatoria para o ano 2025 (PR803D). AXUDAS CONCEDIDAS A ONGD

Nº expte	Entidade Solicitante	Denominación do Proxecto	Orzamento Total	Subvención concedida		
				Total 2025	Total 2026	Subvención concedida
PR803D-2025-00000054-00	Asamblea de Cooperación por la Paz (ACPP)	<a href="#">Avanzando no exercicio dos dereitos sexuais e reproductivos na República Dominicana: atención desde o enfoque da saúde comunitaria</a>	238.891,69	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000046-00	Fundación Taller de Solidaridad	<a href="#">Forxando futuro desde a colmena: sostibilidade, equidade e gobernanza na apicultura familiar andina do Perú, en vinculación cos ODS 8 e 12</a>	233.520,66	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000016-00	Fundación Fabre	<a href="#">Fortalecemento da seguridade alimentaria nutricional da poboación vulnerable en comunidades rurais de Tacaná, San Marcos, Guatemala, Fase de seguimento</a>	219.500,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000033-00	Arquitectura Sin Fronteras España (ASF-E) agrupada con PROYDE	<a href="#">Proxecto Tipimal qué q'ij [A forza do avó sol]: Mellorando o acceso a unha alimentación sana, nutritiva e suficiente para a poboación en risco de inseguridade alimentaria das comunidades Mam de Cajolá y La Bendición (Guatemala), recentemente asentadas e c</a>	264.053,18	84.000,00	156.000,00	240.000,00
PR803D-2025-00000009-00	Solidaridad para el Desarrollo y la Paz agrupada con Solidaridade Internacional de Galicia-SIG	<a href="#">Promoción do dereito a vivenda digna, adecuada e saudable para a poboación indíxena Ch'orti' do municipio de Jocotán, Corredor Seco Oriental (Guatemala)</a>	287.549,23	84.000,00	156.000,00	240.000,00

PR803D-2025-00000018-00	Aida, Ayuda Intercambio y Desarrollo	<a href="#">Promover a soberanía alimentaria e o acceso a recursos económicos das mulleres, impulsando a igualdade de xénero e a sostibilidade ambiental, na illa de Uracane (Guinea Bissau)</a>	206.952,65	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000037-00	Fundación Taller de Solidaridad	<a href="#">Promoción da autonomía económica de mulleres para a redución das brechas de xénero dos distritos de Morropón e Vinte e seis de Outubro na rexión Piura, en liña cos ODS 5 e 8, Perú</a>	210.820,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000031-00	Fundación Ayuda en Acción	<a href="#">Fortalecemento dos medios de vida sostibles e resilientes ao cambio climático nas comunidades rurais de Namaacha, Boane e Moamba mediante a integración innovadora da horticultura, acuicultura e pesca artesanal, con enfoque de xénero e mellorando a segurid</a>	226.300,93	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000043-00	Farmacéuticos Mundi	<a href="#">Fortalecemento intersectorial e comunal da atención primaria en saúde para a redución e control da anemia e DCI en nenos e nenos menores de 5 anos de comunidades vulnerables andinas no marco do desenvolvemento infantil temperán nos distritos de Huaytará e</a>	207.771,81	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000025-00	Fundación Fabre	<a href="#">Garantido o dereito á auga e o saneamento (ODS 6) para 136 familias (490 titulares de dereitos, 240 mulleres e 250 homes) de 3 comunidades da subcentral Chocorosi desde un enfoque de igualdade de xénero (ODS 5), Bolivia</a>	235.331,09	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000007-00	Fundación de Religiosos para la Salud agrupada con MISEVI	<a href="#">Mellora da empregabilidade de mulleres vítimas de violencia en razón de xénero no Municipio de Sacaba - Cochabamba, Bolivia</a>	252.956,00	84.000,00	156.000,00	240.000,00
PR803D-2025-00000039-00	Fundación Cume para el Desarrollo de Culturas y Pueblos	<a href="#">Fortalecida a Rede de Saúde pública do Distrito Municipal nº 8 (Plan 3000), Santa Cruz de la Sierra (Bolivia), Fase III</a>	207.866,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000045-00	Farmacéuticos Mundi	<a href="#">Fortalecemento de capacidades intersectoriais públicas e comunitarias para previr eventos epidémicos asociados á calidade de auga no departamento da Unión, O Salvador</a>	227.955,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00

PR803D-2025-00000005-00	Fundación Vicente Ferrer	<a href="#">Promoción do dereito á protección da infancia e da igualdade de xénero, na Provincia de Gaza (Mozambique), Fase I</a>	891.626,96	60.000,00	0,00	60.000,00
PR803D-2025-00000044-00	Fundación Balms para la Infancia	<a href="#">Mellora das condicións de vida para a ampliación das capacidades e as liberdades das persoas mediante un proceso de participación cidadá e comunitaria con enfoque de xénero no Distrito Municipal Santiago Oeste - Asociado a IDI República Dominicana- Fase IV</a>	214.249,30	64.749,77	120.249,57	184.999,34
PR803D-2025-00000017-00	Asociación Amigas da Terra	<a href="#">Fortalecemento e desenvolvemento de mecanismos locais para a xestión sostible de unidades hidrográficas, con enfoque na adaptación e resiliencia de medios de vida e territorios vulnerables en Chinandega, Nicaragua</a>	194.790,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000013-00	Médicos del Mundo	<a href="#">O poder da Xuventude. Redución do embarazo adolescente en mozos e adolescentes chiquitanos, con e sen diversidade funcional, a través do exercicio dos seus DSDR, o fortalecemento do sistema público de saúde e a corresponsabilidade entre actores na Rede de Saúde Velasco, Bolivi</a>	208.000,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000051-00	Fundación Educación y Cooperación (Educo)	<a href="#">Empoderamento económico e socioambiental de mulleres, mozos e nenez rurais con enfoque de dereito e xénero en Nicaragua</a>	200.000,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000029-00	Fundación Ayuda en Acción	<a href="#">CREO - INNOVALAC: Mulleres e xuventude creando innovación e oportunidades económicas na cadea láctea do Corredor Seco de Nicaragua</a>	283.532,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000050-00	Fundación Educación y Cooperación (Educo)	<a href="#">Empoderamento social, económico e político de mulleres en situación de vulnerabilidade a través do fortalecemento de mecanismos de participación no municipio de Malacatancito, Huetenango, Guatemala</a>	200.000,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000023-00	Asociación Movimiento por la Paz, el Desarme y la Libertad	<a href="#">Proxecto K'ut qach'ab'äl: Impulsando mecanismos de protección integral para defensoras e defensores de dereitos humanos no occidente de Guatemala</a>	196.402,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000019-00	Fundación Mozambique Sur	<a href="#">Infancia con dereitos e comunidades sostibles en Chagalane: fortalecemento nutricional, educativo e comunitario con enfoque de xénero (Mozambique)</a>	70.391,92	60.000,00	0,00	60.000,00

PR803D-2025-00000024-00	Medicus Mundi Norte	<a href="#">Mulleres mozas impulsando políticas feministas nas municipalidades de La Ceiba e Arizona para a prevención e atención das violencias machistas (Honduras)</a>	209.909,85	49.338,39	120.250,00	169.588,39
<b>TOTAL</b>				<b>1.522.088,16</b>	<b>2.632.499,57</b>	<b>4.154.587,73</b>

Orde do 8 de maio do 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e procédese á súa convocatoria para o ano 2025 (PR803D). AXUDAS CONCEDIDAS A OAAA

Nº expte	Entidade Solicitante	Denominación do Proxecto	Orzamento total	Subvención concedida		
				Total 2025	Total 2026	Subvención Concedida
PR803D-2025-00000001-00	Fundación Galicia Innova	<a href="#">Proxecto Sembrando Futuro. Proxecto de fortalecemento da formación técnica agropecuaria sostible na rexión de Piura, mediante o impulso dos compoñentes de habilidades sociais, innovación e emprendemento e tecnoloxías da información, e a súa articulación p</a>	205.985,91	64.745,51	120.241,65	184.987,16
PR803D-2025-00000002-00	Asociación Nacional Ftes. Conservas Pescado Anfacó-Cecopesca	<a href="#">Contribución á soberanía alimentaria peruana a través da mellora dos mecanismos de control e vixilancia dos recursos e dos produtos hidrobiolóxicos e o fortalecemento de capacidades técnicas e de gobernanza das mulleres e dos homes fiscalizadores de SANIP</a>	196.000,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
<b>TOTAL</b>				<b>129.495,51</b>	<b>240.491,65</b>	<b>369.987,16</b>

Orde do 8 de maio do 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e procédese á súa convocatoria para o ano 2025 (PR803D). AXUDAS LIÑA FEMINISTA

Nº expte	Entidade Solicitante	Denominación do Proxecto	Orzamento Total	Subvención concedida		
				Total 2025	Total 2026	Subvención concedida
PR803D-2025-00000038-00	Fundación Intered	<a href="#">Mulleres organizadas de pobos orixenarios de Puno fortalecidas nas súas capacidades, desde unha cidadanía intercultural crítica, inciden polos seus dereitos políticos e vida libre de violencias machistas, Fase II (Perú)</a>	194.737,11	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000052-00	Solidariedade Internacional de Galicia (SIG)	<a href="#">Fortalecemento das capacidades individuais e colectivas de sanación e prevención das violencias cara ás mulleres indíxenas, potenciando o seu benestar, autonomía e liderado desde o enfoque da cosmovisión maia, na rexión occidente e centro de Guatemala</a>	195.503,72	64.749,50	120.249,07	184.998,57
PR 803D-2025-00000028-00	Manos Unidas	<a href="#">Mujeres y juventudes de 4 distritos de Sonsonate este y norte, mejoran su incidencia política y ciudadana para el avance en los DDHH, con enfoque de género y justicia ambiental</a>	226.059,70	59.916,83	0,00	59.916,83
PR803D-2025-00000015-00	Agareso	<a href="#">Fortalecer as capacidades e ferramentas do sistema educativo, as organizacións de mulleres e o sector mediático para o cumprimento efectivo da política de prevención e atención ás unións temperás e o embarazo en adolescentes (PPA) en República Dominicana</a>	207.414,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR 803D-2025-00000030-00	Amigas da Terra	<a href="#">Mejora en el acceso a los derechos económicos, sociales, culturales y ambientales de mujeres rurales para un desarrollo inclusivo y sostenible en El Corpus y Namasigüe (Honduras)</a>	222.035,00	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000047-00	Agareso	<a href="#">Promover política pública de reparación digna e transformadora que garanta unha resposta efectiva no acceso á xustiza de nenas, adolescentes e mulleres de Guatemala</a>	208.364,73	64.750,00	120.250,00	185.000,00
PR803D-2025-00000020-00	Fundación Mujeres	<a href="#">Omukasi: Promovendo o empoderamento e a promoción da autonomía económica das mulleres rurais de Mayuge (Uganda)</a>	225.318,12	64.750,00	120.250,00	185.000,00
<b>TOTAL</b>				<b>448.416,33</b>	<b>721.499,07</b>	<b>1.169.915,40</b>



### **4.3 Convocatoria 2024 de proxectos de cooperación de ONGD e outros axentes**

Como non podería ser doutro xeito, no ano 2025 deuse continuidade a 31 proxectos aprobados no 2024 no marco da Orde do 7 de maio do 2024, da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes (DOG núm. 98, do 22 de maio do 2024), que tiñan anualidade 2025, por un total de 3.863.756,42 €.

### **4.4 Convocatoria 2025 de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior**

O obxecto destas axudas é a execución de microproxectos de cooperación no exterior promovidos por ONGD e os outros axentes sociais ou entidades que teñan entre os seus fins a realización de actividades de cooperación para o desenvolvemento que estean inscritos na sección D do rexistro galego de axentes de cooperación para o desenvolvemento

Enténdese por microproxectos, aquelas intervencións puntuais de cooperación ao desenvolvemento no exterior que fortalezan a capacidade de resposta ás necesidades da poboación destinataria ou que complementen actuacións levadas a cabo por axentes de cooperación no mesmo territorio, de duración non superior a 12 meses e executadas por organizacións de recente constitución ou que executen proxectos de limitada intensidade e contía.

A convocatoria ten carácter anual e a súa dotación foi de 150.000 €, é dicir, un 66,66% máis que a do 2024.

Esta convocatoria foi publicada no DOG do 7 de maio. Presentáronse un total de 11 solicitudes, sendo aprobado o financiamento de 5 microproxectos.



Orde do 21 de abril de 2025 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de microproxectos de cooperación para o desenvolvemento no exterior promovidos polos axentes de cooperación e procédese á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR804B).

Nº expte	Entidade solicitante	Denominación proxecto	Orzamento total	Subvención concedida
PR804B 2025-5	Beyond Suncare	<a href="#">Ponte en su piel: mejora de la salud dermatológica y mental de las personas con albinismo de Ruanda</a>	54.734,29	29.995,68
PR804B 2025-11	CIDEL Galicia	<a href="#">Liderazgo juvenil para fortalecer la articulación comunitaria y municipal en la promoción de la igualdad de Género y prevención de violencias en los municipios de Sabana Iglesia, Baitoa y Santiago de los Caballeros, República Dominicana</a>	34.212,47	30.000,00
PR804B 2025-3	Cooperación Internacional	<a href="#">Aulas conectadas para un Futuro Mejor en 8 escuelas de Cantel Ouetzaltenango, Guatemala</a>	38.250,00	30.000,00
PR804B 2025-4	Asociación EGUEIRE	<a href="#">Ampliación da maternidade de Nadibu con enfoque de xénero: mellora da atención integral a mulleres e neonatos, Costa de Marfil</a>	24.918,89	23.672,94
PR804B 2025-1	Asociación Busca e Rescate Integral en Emerxencias de Galicia-BRIEGAL	<a href="#">Fortalecimiento transfronteirizo da xestión de emerxencias ante inundacións e riadas nas rexións do sur de Perú, coa participación de equipos de Bolivia</a>	38.553,12	29.999,75
<b>TOTAL</b>				<b>143.668,37</b>

## 4.5 Convenios de colaboración para proxectos de cooperación no exterior

### 4.5.1 Convenios de colaboración do ano 2025

Ao longo do ano 2025 asináronse un total de 2 convenios no ámbito da cooperación para o desenvolvemento no exterior.

[Convenio de colaboración coa Fundación Cetmar para a execución do proxecto “Mulleres, Acuicultura e Reforzo Institucional para o desenvolvemento sostible da Economía Azul na Rexión de Piura, Mar de Piura, O Perú ”](#), por importe de 100.000 €.

[Convenio de colaboración coa Asociación Mujeres en Desarrollo Dominicanas, MUDE, para o proxecto “Gobernanza participativa a través dunha cultura de prevención da violencia de xénero e manexo de lixo desde o Concello de Santo Domingo \(República Dominicana\)”](#), por importe de 50.000 €.

### 4.5.2 Convenios de colaboración anteriores

Nos orzamentos do ano 2025 mantivéronse os compromisos adquiridos con anterioridade. Así, no ámbito da cooperación para o desenvolvemento, deuse continuidade a:

[Convenio de colaboración con Augas de Galicia e Enxeñería sen Fronteiras para a execución do proxecto “Fortalecemento de capacidades técnicas e operativas para a mellora da xestión dos recursos hídricos en Mozambique \(AQUA-MOZ SECARA 5ª FASE\).”](#), cun importe de 125.000 € para o 2025.



## 5. Acción humanitaria e de emerxencia

No ano 2025, como nos anos anteriores e para dar cumprimento aos obxectivos e indicadores que o V Plan director da Cooperación Galega establece neste ámbito, desde a DXRREE e coa UE traballouse co fin de realizar unha acción humanitaria integral e de calidade, a través dunha acción estratéxica en colaboración cos axentes de cooperación e, ao mesmo tempo, dando continuidade ao traballo con organizacións multilaterais e/ou especializadas en acción humanitaria, contribuíndo ao cumprimento da L.A.3.2.

Os instrumentos habitualmente utilizados para o financiamento de actuacións humanitarias e de emerxencia son:

- Convocatoria para proxectos de acción humanitaria.
- Convenios de colaboración con entidades especializadas en acción humanitaria.

### 5.1 Convocatoria para proxectos de acción humanitaria

O obxecto destas axudas é a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, entendendo como tales aqueles destinados a salvar vidas, aliviar o sufrimento, protexer os dereitos fundamentais e manter a dignidade humana durante e despois das crises –provocadas por seres humanos ou por desastres naturais–, así como os destinados á prevención e reforzo da capacidade de resposta para cando se produzan estas situacións e as de protección de vítimas e defensa dos dereitos humanos.

A convocatoria ten carácter anual e a súa dotación foi de 550.000 €, a mesma que a do ano anterior.

Esta convocatoria foi publicada no DOG do 15 de xaneiro. Presentáronse un total de 19 solicitudes, sendo aprobado o financiamento de 8 proxectos.



Orde do 19 de decembro do 2024 da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de acción humanitaria no exterior, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR811A).

Nº expte	Entidade solicitante	Denominación proxecto	Orzamento total	Subvención concedida
PR811A-2025-00000016-00	Asociación Movemento por la Paz el Desarme y la Libertad (MPDL)	<a href="#">Aumento de la resiliencia de las mujeres saharauis refugiadas mediante una respuesta de protección humanitaria</a>	78.950,00	75.000,00
PR811A-2025-00000005-00	Asociación Comité Español de la UNRWA	<a href="#">Salud en emergencias: garantizando el acceso a servicios sanitarios esenciales para la población refugiada de Palestina más vulnerable en Siria</a>	80.000,00	75.000,00
PR811A-2025-00000012-00	Fundación Ayuda en Acción	<a href="#">Refugios ante los impactos del Ciclón Chido: Construcción Segura y Capacitación Comunitaria en el distrito de Metuge, Mozambique</a>	127.404,14	75.000,00
PR811A-2025-00000011-00	ONG Rescate Internacional	<a href="#">Refuerzo de servicios integrales de salud a grupos vulnerables en Ramallah y Ciudad de Gaza, Palestina.</a>	91.728,73	75.000,00
PR811A-2025-00000004-00	Asamblea de Cooperación por la Paz (ACPP)	<a href="#">¡Protección AH-ora! Fortalecer la Acción Humanitaria, localizada y diversa para la protección integral de personas LGBTQ+ desplazadas en El Salvador</a>	90.784,74	75.000,00
PR811A-2025-00000002-00	Farmacéuticos Mundi	<a href="#">Protección del derecho a la salud y los derechos sexuales y reproductivos con perspectiva de género en un contexto de naturalización de la violencia y crisis humanitaria olvidada en Beni, Kivu Norte, RDC</a>	78.947,37	75.000,00
PR811A-2025-00000007-00	Fundación Unicef Comité Español	<a href="#">Respuesta a las necesidades psicosociales y de salud mental de los niños, niñas y sus familias afectados por la crisis sudanesa en la provincia de Sila, Chad</a>	125.000,00	75.000,00
PR811A-2025-00000015-00	Fundación Tierra de Hombres España	<a href="#">Caminos hacia la resiliencia: fortalecimiento del apoyo psicosocial y la protección de los niños y las familias afectados por la guerra en Ucrania</a>	26.315,79	25.000,00
<b>TOTAL</b>				<b>550.000,00</b>

## 5.2 Convenios de colaboración para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia

### 5.2.1 Convenios de colaboración do ano 2025

Ademais da convocatoria anual en concorrència competitiva sinalada anteriormente, durante o 2025 asináronse os seguintes convenios para a execución de actuacións humanitarias e de emerxencia:

[Convenio de colaboración con Farmamundi para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia](#), que permite dar resposta rápida e eficaz ante emerxencias, mellorando así a axilidade e eficacia da resposta humanitaria galega, cunha dotación inicial de 50.000 €. No mes de novembro asinouuse unha addenda a este convenio por importe de 30.000 €.

Ao amparo deste convenio e addenda foron financiadas as seguintes intervencións:

- ✓ Intervención sociosanitaria de emerxencia para facer fronte a un brote de ébola no asentamento de poboación refuxiada de Kyaka II (distrito de Kyegegwa), Uganda.
- ✓ Intervención sociosanitaria de emerxencia para unha intervención de emerxencia para a atención á poboación en situación de maior vulnerabilidade afectada polo terremoto do 28 de marzo en Myanmar, Birmania.
- ✓ Intervención de emerxencia para a atención á poboación desprazada polo conflito na Franxa de Gaza
- ✓ Intervención de emerxencia para garantir o acceso a servizos xinecolóxicos e obstétricos para mulleres migrantes haitianas en Santo Domingo e Santiago de los Caballeros, República Dominicana.
- ✓ Intervención de emerxencia para garantir o acceso a servizos sanitarios e artigos de primeira necesidade á poboación afectada pola violencia en Kivu Norte, República Democrática do Congo.
- ✓ Intervención sociosanitaria de emerxencia para a atención da poboación afectada polo furacán Melissa, nas comunas Petit-Goave, Des Plantes e Des Fourques., no departamento oeste de Haití.
- ✓ Mellora do acceso a servizos sanitarios e de protección das persoas refuxiadas no asentamento de Kiryandongo e do centro de recepción de Adjumani, Uganda.
- ✓ Atención das necesidades básicas da poboación desprazada polos ataques en territorio do Líbano.

[Convenio de colaboración coa Asociación Unrwa España para a execución do proxecto "Garantindo o futuro: educación como esperanza para a infancia na Franxa de Gaza fronte ao impacto do conflito"](#), por importe de 50.000 €.

[Convenio de colaboración coa Fundación España con Acnur para a execución do proxecto "protección e asistencia de emerxencia para a poboación desprazada na provincia de Cabo Delgado, Mozambique"](#), por importe de 50.000 €.

[Convenio de colaboración coa asociación Unicef Comité Español para actuacións de acción humanitaria e emerxencia](#), cun importe de 50.000 €. Este convenio activouse para dar resposta á crise migratoria en Honduras. No mes de novembro asinouuse unha addenda a este convenio por importe de 30.000 € que foron utilizados na súa totalidade para dar resposta á desnutrición infantil aguda en Gaza.

[Convenio de colaboración con Cruz Vermella Española para actuacións de acción humanitaria e de emerxencia](#), cun importe de 50.000 € que foron utilizados na súa totalidade para dar resposta humanitaria á poboación afectada polo furacán Melissa en Xamaica e Cuba.

[Convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí \(Sogaps\) para o apoio ao programa "Vacacións en Paz 2025"](#), cun importe de 100.000 €.

Por outra parte, e como en anos anteriores, no marco do Pacto de Estado conta a Violencia de Xénero foron transferidos 252.000 € dende a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, que se repartiron entre os seguintes convenios:

[Convenio de colaboración coa Asociación España con Acnur para o proxecto "Protección e asistencia en resposta á violencia sexual e de xénero con especial atención á trata con motivos de explotación sexual, a mulleres e nenas refuxiadas sudanesas e das comunidades de acollida en Jamjang, norte de Sudán del Sur"](#), cunha dotación de 84.000 €.

[Convenio de colaboración coa entidade Unrwa España, para o proxecto "Impulsar a prevención da violencia de xénero e garantir a protección de mulleres e nenas refuxiadas de Palestina en Xordania"](#), cunha dotación: 84.000 €.

[Convenio de colaboración coa Fundación Unicef Comité Español para o proxecto "Prevención e resposta á emigración e á trata de nenas, incluída a explotación sexual, no distrito de Napak da rexión de Karamoja en Uganda"](#), cunha dotación: 84.000 €.

Tamén froito da colaboración entre a Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero e a DXRREE e coa UE, asinouuse un novo convenio entre as dúas consellerías e as ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social (Agaresp) e Asociación Ecos do Sur para a execución da segunda edición do proxecto ["Galicia Abriga: Programa galego de acollida temporal a mulleres defensoras de dereitos humanos"](#), cunha dotación de 48.012 € aportados a partes iguais polos dous departamentos.



## 5.2.2 Convenios de colaboración anteriores

[Convenio entre a Cooperación descentralizada, a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento \(AECID\) e a Federación Española de Municipios e Provincias \(FEMP\) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria 2023/2026.](#)

Con cargo á dotación correspondente á anualidade 2025 do convenio asinado no 2023 entre a Cooperación descentralizada (14 CCAA), a Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID) e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para a actuación conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria 2023/2026, ao que a Xunta de Galicia aportou 100.000 € no 2025, foron financiadas as seguintes intervencións:

- ✓ Plan de resposta integrada de Unicef–Mauritania ante a desnutrición aguda grave ligada á afluencia de refuxiados malianos nas comunas de Bassikounou, Fassala e Megve, na rexión mauritana de Hodh Chargui.
- ✓ Contribución á canastra básica alimentaria de 2025 da poboación dos campamentos de refuxiados saharauís de Tinduf, proporcionada polo Programa mundial da alimentación (PMA).
- ✓ Plan de resposta do PMA para axuda alimentaria de emerxencia ás persoas afectadas pola grave inseguridade alimentaria debido ao conflito na Franxa de Gaza.
- ✓ Plan de fortalecemento da asistencia humanitaria da Corporación Administrativa de Formación e Construción de Paz do Foro Interétnico Solidaridad Chocó (Coadforpaz) ás comunidades étnicas afectadas pola crise humanitaria derivada do conflito armado no departamento do Chocó, en Colombia.
- ✓ Resposta do Fondo de Poboación das Nacións Unidas (FNUAP) ás necesidades urxentes relacionadas coa violencia de xénero e a violencia sexual das poboacións desprazadas e de acollida nas zonas afectadas polo conflito en Malí.
- ✓ Intervención de Unicef para a prevención do recrutamento de nenos, nenas e adolescentes por parte dos grupos armados e apoio á liberación e reintegración dos menores xa enrolados en Haití.
- ✓ Achega ao Fondo Humanitario da Oficina de Nacións Unidas para a coordinación de asuntos Humanitarios–OCHA en Sudán.
- ✓ Resposta inmediata de Acnur para, estabilización e apoio á integración sostible para solicitantes de asilo e poboación refuxiada en México garantindo o acceso ao sistema de asilo, necesidades básicas e facilitando unha ruta de integración sostible.
- ✓ Achega para la Federación Internacional de Sociedades de la Cruz Roja y de la Media Luna Roja, a través del Fondo de Reserva para el Socorro en caso de Desastre (DREF) e os chamamentos de emerxencia (Emergency Appeals).



## 6. Actuacións de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, fortalecemento de axentes e formación

### 6.1 Convocatoria 2025 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

O obxecto desta convocatoria é regular a concesión de subvencións para proxectos desenvoltoas polas ONGD dentro dalgunha das catro dimensións seguintes:

- Sensibilización e concienciación da opinión pública en materia de cooperación para o desenvolvemento e as causas da pobreza.
- Formación sobre o desenvolvemento e difusión nos ámbitos educativos do coñecemento da realidade dos países empobrecidos e da cooperación para o desenvolvemento.
- Investigación sobre o desenvolvemento.
- Incidencia, participación e mobilización social para crear redes de solidariedade na nosa sociedade.

A dotación total da convocatoria do ano 2025 foi de 720.000 € (288.000 € para o 2025 e 432.000 € para o 2026), é dicir, un 20% máis que a do ano 2024.

Esta convocatoria foi publicada no DOG do 19 de xuño. Presentáronse 23 solicitudes, e foi aprobado o financiamento de 18 proxectos.



ORDE do 5 de xuño de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a execución de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que executen as organizacións non gobernamentais de desenvolvemento, e se procede á súa convocatoria (código de procedemento PR804A).

Nº expte	Entidade Solicitante	Denominación do Proxecto	Orzamento Total	Subvención concedida		
				Total 2025	Total 2026	Subvención concedida
PR804A-2025-00000016-00	Farmacéuticos Mundi agrupada con Universidade Santiago de Compostela	<a href="#">A Aprendizaxe-Servizo na saúde comunitaria: construíndo cidadanía global para a transformación social na comunidade universitaria. Fase VI</a>	52.350,00	18.800,00	28.200,00	47.000,00
PR804A-2025-00000018-00	Solidariedade Internacional de Galicia	<a href="#">IV Premio galego de educación para o desenvolvemento e cidadanía global</a>	40.333,49	14.431,11	21.646,67	36.077,78
PR804A-2025-00000008-00	Asamblea de Cooperación por la Paz	<a href="#">Escolas sen racismo, Escolas para a paz e o desenvolvemento (ESR-EpD). PENSAL: Fortalecendo as actitudes e capacidades xeradoras de conciencia crítica asociadas a procesos de cambio persoal que aumenten o compromiso social de comunidades escolares, universitarias, da base social de ACPG Galicia e sociedade civil galega</a>	44.298,66	14.800,00	22.200,00	37.000,00
PR804A-2025-00000006-00	Manos Unidas - Comité Católico Campaña Contra el Hambre agrupada con Universidad de Santiago de Compostela (USC)	<a href="#">Fame Cero: ecocidadanía global e agroecoloxía escolar na rede de centros educativos rurais polo dereito humano á alimentación e o ODS2 (FNREDA). Fase 1</a>	62.480,00	18.800,00	28.200,00	47.000,00
PR804A-2025-	Asamblea de Cooperación por la Paz	<a href="#">Elas deciden: promover a equidade de xénero facilitando espazos de intercambio de experiencias e capacidades para aumentar o compromiso social e institucional coa equidade de xénero e a xustiza social</a>	41.200,00	14.800,00	22.200,00	37.000,00

00000007-00						
PR804A-2025-00000002-00	Agareso	<a href="#">Mellora da capacidade de reflexión crítica e de xeración de produtos educacionais do alumnado de secundaria de Boiro, Bueu, Silleda, Viana do Bolo e Brión e do profesorado de centros públicos de Galicia (EpDLab  Laboratorio de EpD)</a>	43.000,00	14.800,00	22.200,00	37.000,00
PR804A-2025-00000003-00	Agareso	<a href="#">Promover a co-responsabilidade e dotar de novas capacidades e ferramentas ao alumnado e profesorado de educación secundaria e superior de Galicia para contrarrestar os discursos do odio desde o enfoque de dereitos humanos (Xeración Contrainfo Fase IV)</a>	42.485,05	14.800,00	22.200,00	37.000,00
PR804A-2025-00000015-00	Arquitectura Sin Fronteras España (ASF-E) agrupada con Universidade da Coruña	<a href="#">Agra: un barrio de coidades. Fortalecidas capacidades para a defensa do Dereito ao Hábitat, no marco da axenda 2030-ODS, desde a participación social comunitaria e a perspectiva interseccional. Fase 3</a>	54.800,00	18.800,00	28.200,00	47.000,00
PR804A-2025-00000017-00	Asociación Ecos do Sur agrupada con Universidade de Santiago de Compostela	<a href="#">ODiSeLa: educación, participación e mobilización para reducir o impacto das narrativas discriminatorias e anti Axenda 2030</a>	61.155,88	18.751,86	28.127,79	46.879,65
PR804A-2025-00000023-00	Arquitectura Sin Fronteras España (ASF-E)	<a href="#">Dereito ao Hábitat Rural para a promoción dun modelo de hábitat rural sostible baseado en dereitos humanos, igualdade de xénero, promoción da cultura de paz, cidadanía global e valoración da diversidade cultural en 15 comunidades educativas do ámbito rural galego</a>	41.900,00	14.800,00	22.200,00	37.000,00
PR804A-2025-00000021-00	Solidariedade Internacional de Galicia	<a href="#">O Globo. Fomentando a cultura participativa con enfoque de ECG e feminista mediante a creación de procesos e espazos que visibilicen, conecten e impulsen o activismo social e a participación cidadá transformadora, tanto dentro como fóra do sistema educativo galego</a>	41.942,53	14.800,00	22.200,00	37.000,00

PR804A-2025-00000010-00	Asociación de Ingeniería sin Fronteras Galicia agrupada con Amigas da Terra	<a href="#">Mulleres bravas de Honduras e Galicia. Tendendo pontes entre defensoras da vida. Fase III</a>	60.784,76	18.800,00	28.200,00	47.000,00
PR804A-2025-00000011-00	Fundación Ayuda en Acción agrupada con Educo, Entreculturas, Taller de Solidaridad e Universidade de Santiago	<a href="#">Campaña Mundial pola Educación 2026</a>	50.000,00	18.800,00	28.200,00	47.000,00
PR804A-2025-00000013-00	Asociación de Ingeniería sin Fronteras Galicia agrupada con UDC e UVigo	<a href="#">Tecnoloxía ao servizo do ben común, da cidadanía global e da inclusión nas escolas técnicas da universidade galega. Fase 3</a>	54.650,00	18.800,00	28.200,00	47.000,00
PR804A-2025-00000012-00	Fundación Taller de Solidaridad	<a href="#">EnREDadas no Cambio: Feminismo Emprendedor para a Transformación Global</a>	45.594,80	14.800,00	22.200,00	37.000,00
PR804A-2025-00000020-00	Fundación Educación y Cooperación (Educo)	<a href="#">A protección da infancia dende a mirada da Axenda 2030. Unha ollada con lentes violetas cara o sur coa ApS como ferramenta de transformación social</a>	38.985,02	14.800,00	22.200,00	37.000,00
PR804A-2025-00000004-00	Asociación Amigas da Terra	<a href="#">Rede de Eco Hortas Escolares</a>	34.554,43	13.113,42	19.670,13	32.783,55
PR804A-2025-00000009-00	Fundación Entreculturas - Fe y Alegría	<a href="#">Mensaxes que transforman: Mozos de Galicia e Guatemala crean unha campaña de educación e comunicación conxunta para a promoción dunha cidadanía global crítica e activa ante as inxustizas.</a>	40.925,00	10.503,61	15.755,41	26.259,02
<b>TOTAL</b>				<b>288.000,00</b>	<b>432.000,00</b>	<b>720.000,00</b>

## 6.2 Convocatoria 2024 de proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global

Tamén, no ano 2025, se deu continuidade aos 17 proxectos de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, aprobados no 2024 no marco da Orde do 14 de xuño de 2024, publicada no DOG do 27 de xuño, que tiñan anualidade 2025, por un total de 360.000 €

## 6.3 Convenios de colaboración de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e fortalecemento de axentes

### 6.3.1 Convenios de colaboración do ano 2025

No ano 2025 asináronse os seguintes convenios de colaboración para levar a cabo os seguintes proxectos no ámbito da educación para o desenvolvemento e a cidadanía global e o fortalecemento de axentes.

[Convenio de colaboración coa Coordinadora Galega de Organizacións non Governamentais para o Desenvolvemento para a execución do proxecto "Mellora da capacidade institucional da Coordinadora Galega de ONGD para a promoción da Cooperación Galega, a defensa dos dereitos humanos e o fortalecemento e representación das ONGD galegas, particularmente das máis pequenas"](#), por un importe 110.000 €.

[Convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade para o proxecto "O municipalismo, Km. 0 da Cooperación"](#), cunha dotación de 60.000 €.

[Convenio de colaboración coas entidades Solidariedade Internacional de Galicia, Agareso e Asemblea de Cooperación pola Paz, para poñer en marcha a XIII edición do proxecto "Activistas polo mundo que queremos 2025-2026"](#) no marco do Plan Proxecta da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, cunha dotación prevista de 69.988 € (30.000 € para 2025 e 39.988 € para 2026).

### 6.3.2 Convenios de colaboración anteriores

[Convenio de colaboración coas ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, Asociación Galega de Comunicación para o Cambio Social \(Agareso\) e Asemblea de Cooperación pola Paz \(ACPP\) para a execución da XII edición do proxecto "Activistas polo mundo que queremos 2024-2025"](#), por un importe de 70.000 € (30.000 € no ano 2024 e 40.000€ no ano 2025).

[Convenio bianual de colaboración coas tres universidades galegas para a execución do proxecto de "Consolidación do I Plan estratéxico da Rede Galega de Cooperación Universitaria ao Desenvolvemento \(RGCUD\) 2020-2030 e consecución dos obxectivos de desenvolvemento sustentable"](#) por importe de 80.000 € (40.000 € para o ano 2024 e 40.000 € para o 2025).



## **6.4 Convocatoria 2025 de proxectos e de creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento**

No ano 2025 publicouse a Orde do 15 de maio de 2025 pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de subvencións, en réxime de concorrencia competitiva, para a realización de proxectos de investigación e para a creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, no marco da Axenda 2030, que executarán os grupos e centros de investigación das universidades galegas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento PR815A).

A convocatoria, que é bianual, publicouse no DOG do 28 de maio e tivo unha dotación final de 265.000 € (132.500 € para o 2025 e 132.500 € para o 2026), e foron aprobados un total de 9 proxectos.

## **6.5 Formación**

No ano 2025 publicouse a convocatoria para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento.

### **Bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento**

A Orde do 21 de marzo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de bolsas para a formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento e se procede á súa convocatoria para o ano 2025, foi publicada no DOG do 28 de marzo. Recibíronse un total de 20 solicitudes, entre as que se seleccionaron dúas persoas con destino na DXRREE e coa UE e catro con destino nas OCE de Bolivia, Guatemala, A República Dominicana e Mozambique.

As bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional para o desenvolvemento teñen unha duración de 12 meses e a finalidade de complementar a formación académica das persoas tituladas universitarias con estadias na sede da DXRREE e coa UE ou nas Oficinas da Cooperación Española dependentes da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento, de acordo co previsto no convenio subscrito entre esta axencia e a Xunta de Galicia.

O orzamento destinado a estas bolsas foi de 104.600 € (32.200 € para o ano 2025 e 72.400 € para o ano 2026), ao que hai que engadirlle o orzamento correspondente para a cobertura da Seguridade Social das persoas bolseiras (4.584,96 €).

Ademais deuse continuidade ás bolsas de formación concedidas con cargo á convocatoria do ano 2024.

## 7. Actuacións levadas a cabo por outros departamentos da Xunta de Galicia

Ademais das actuacións da DXRREE e coa UE citadas anteriormente, ao longo do ano outros departamentos da Xunta de Galicia levaron a cabo actuacións de cooperación para o desenvolvemento con cargo aos seus orzamentos, que non estaban previstas no citado plan.

Pódense destacar as seguintes:

- A Consellería de Política Social, que asinou un convenio de colaboración coa Asociación Solidariedade Galega co Pobo Saharauí (Sogaps) para o desenvolvemento do programa “Vacacións en Paz 2025”, por un total de 100.000 €.
- A Consellería do Mar, que destinou 86.203,72 € aos seguintes proxectos executados polo Cetmar:
  1. “Reforzo do Centro Nacional de Información e Investigación Marina de Namibia (NatMIRC) na súa función de contribuír ao proceso de toma de decisións na xestión de pesquerías”, ao que se destinaron 27.164,57 €.
  2. “Desenvolvemento de documentos oficiais e material de capacitación necesarios para a profesionalización do sector pesqueiro, con asesoría en deseño para mellorar embarcacións pesqueiras artesanais e capacitación sobre como construír embarcacións pesqueiras de mellor calidade, e provisión de dous prototipos de embarcacións fabricadas con base niso, en Santo Tomé e Príncipe”, ao que se destinaron 59.039,15 €.
- A Consellería de Sanidade, que destinou 276.037 €, para dar cobertura sanitaria pública a nenos e nenas beneficiarios dos programas “Vacacións en Paz” e “Madrassa” da Sogaps, e dos convenios asinados con Tierra de Hombres, Infancia Solidaria e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela.
- A Axencia Galega de Emerxencias (Axega), que fixo entrega de material de emerxencias por valor de 23.278 € á Asociación Briegal (Búsqueda e Rescate Integral en Emerxencias Galicia).



## 8. Transparencia e rendición de contas

### 8.1 Publicacións e actividades divulgativas e formativas

#### Publicación do Informe 2024 da Cooperación Galega

No ano 2025, ao igual que nos anos anteriores, editouse en formato dixital o informe 2024 da Cooperación Galega, publicado na páxina web co fin de lle dar a coñecer á sociedade galega a política de cooperación que se leva a cabo desde Galicia.

#### Xornada “Cooperación Galega: unha carreira de fondo”.

Para conmemorar e visibilizar todo o proceso que se levou a cabo durante máis de tres décadas de traballo da Cooperación Galega, decidiuse organizar, en colaboración coa Coordinadora Galega de ONGD, unha xornada que denominamos “COOPERACIÓN GALEGA: UNHA CARREIRA DE FONDO”, na que se puideron exemplificar os resultados destes anos de progreso a través de testemuñas que faloron en primeira persoa dos logros da Cooperación Galega e do impacto nas súas vidas. Esta xornada celebrouse o 17 de outubro coincidindo coa conmemoración do Día Mundial pola Erradicación da Pobreza.



## Produción dun vídeo para a posta en valor da Cooperación Galega.

Transcorridos trinta e tres anos dende os inicios da política pública autonómica en materia de cooperación para o desenvolvemento, considerouse conveniente a produción dun documental sobre o traballo da Cooperación Galega, ao longo da súa existencia, en 5 países e 5 áreas de desenvolvemento: Honduras (ambiente), Guatemala (infraestruturas), O Salvador (proyecto productivo), República Dominicana (xénero) e Guinea Bissau (educación).



## 8.2 Avaliacións

Co obxecto de seguir mantendo o grao de transparencia e de rendición de contas que caracteriza a Cooperación Galega, así como de potenciar a cultura avaliadora e a aprendizaxe colectiva, no ano 2025 contratáronse os servizos para realizar as seguintes avaliacións:

- As avaliacións *ex-ante* dos proxectos que se presenten ao abeiro das convocatorias.
- A avaliación das asistencias técnicas prestadas pola Fundación Cetmar nos proxectos do sector pesqueiro e acuícola financiados pola Cooperación Galega.

## 8.3 Páxina web da Cooperación Galega

A información relativa ás actividades da Cooperación Galega está dispoñible na páxina web da Cooperación Galega <https://cooperacion.xunta.gal/es>, de xeito que tanto os axentes de cooperación como a cidadanía poidan exercer o seu dereito á información.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE  
PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E DEPORTES



Xacobeo 2027